

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 23 DE OUTUBRO

**1. ASISTENCIA AO PLENO.** Referencia: **2023/00045054R.**

**Aprobación de actas de sesións anteriores.**

Apróbanse as actas de sesións do 9, 11 e 16 de outubro.

**2. LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **LIC/2025/2018.**

**Aceptar cesión de viario e licenza para realizar a segregación en LG Portela de Vilvestro.**

Concédesse a licenza para dividir, dando lugar a 3 parcelas novas, unha leira situada na Portela de Vilvestro. Solo urbano consolidado. Ordenanza 6 – Vivenda unifamiliar extensiva.

**3. LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2023/00044842L.**

Licenza para a rehabilitación de envolvente no edificio situado en Rúa de San Pedro de Mezonzo 18-20.

Concédesse a licenza para illar as fachadas da edificación, renovar a cuberta e colocar canles de recollida da auga da choiva. Solo urbano consolidado. Ordenanza 9A (Plan especial de protección do patrimonio construído de interese cultural).

**4. LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2023/00004169B.**

**Aceptar cesión de viario e licenza para a segregación en LG Bálsona.**

Concédesse a licenza para dividir, dando lugar a 2 parcelas novas, unha leira situada en Bálsona e acéptase a cesión de 210 m<sup>2</sup> para ampliación da vía. Solo urbano consolidado. Ordenanza 14 – Extensión de núcleo rural.

**5. LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2023/00044734A.**

**Licenza para a rehabilitación da envolvente do edificio sito na rúa San Pedro de Mezonzo, 22-24.**

Concédesse a licenza para illar as fachadas da edificación, renovar a cuberta e colocar canles de recollida da auga da choiva. Solo urbano consolidado. Ordenanza 9A (Plan especial de protección do patrimonio construído de interese cultural).

**6. LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2023/00041283W.**

**Licenza de obras para a reforma interior de vivenda sita na Rúa do Vilar, 47-4º.**

Concédesse a licenza para a remodelación interior da vivenda, substitución de carpintaría e apertura de dúas ventás. Solo urbano consolidado. Ordenanza do recinto intramuros.

**7. LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2023/00027788P.**

**Licenza para a rehabilitación de vivenda familiar en rúa Tras Santa Isabel, 20.**

Concédesse a licenza para a a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar. Solo urbano consolidado. Ordenanza 5 – Vivenda unifamiliar en ringleira.

**8. LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2023/00021580X.**

**Licenza para a construción de piscina na parcela sita en LG de Castro, 41.**

Concédesse a licenza para a construción de piscina na parcela sita en LG de Castro. - Solo de núcleo rural. Ordenanza 13 – Dos núcleos rurais.

**9. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00034310W.**

**Licenza de obras para a construción de vivenda familiar illada en LG Monte da Vila,45.**

Concédesse a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar. Solo urbano consolidado. Ordenanza 6 – Vivenda unifamiliar extensiva.

**10. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00019403H.**

**Licenza para a rehabilitación de edificio de dúas vivendas na Travesa do Cruceiro do Gaio, 3.**

Concédesse a licenza para rehabilitar o edificio, recuperando as 2 vivendas orixinais. Solo urbano consolidado. Ordenanza das áreas urbanas históricas inmediatas.

**11. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00011084W.**

**Aceptar cesión de viario e licenza de obras para a construción de vivenda familiar en LG Folgoso.**

Concédesse a licenza a construción dunha vivenda unifamiliar. Solo de núcleo rural. Ordenanza 13 – Dos núcleos rurais.

**13. EXPROPIACIÓN. Referencia: 2022/00049455J.**

**Aprobación definitiva do Proxecto de Expropiación por taxación conxunta para creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU-3 do PXOM (fase I)**

- Resólvense as alegacións presentadas durante a exposición pública do proxecto de expropiación, co seguinte resultado:

a) Rectifícanse os datos de superficie de 7 das parcelas afectadas.

b) Estímanse en parte as alegacións relativas á valoración do solo.

c) Desestímanse o resto de alegacións.

- Coa aprobación definitiva do proxecto de expropiación apróbase a valoración individualizada dos bens a expropiar. Esta valoración notificaráselle aos afectados, que disporán de 20 días para expresar a súa desconformidade coa valoración; en caso de non facelo enténdese outorgada a conformidade.

- A aprobación definitiva implica a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos, habilitando ao Concello para ocupalos despois de pagar ou depositar a súa valoración.

**14. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00033045K.**

**Corrección erro acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 02/10/2023, relativo a Autorización da cancelación do aval (Seguro de Caución) en concepto de fianza definitiva, constituída pola empresa, ISS FACILITY SERVICES, S.A., para responder do contrato de "Prestación dos servizos de ampliación da limpeza nos edificios e dependencias do Concello de Santiago de Compostela (CSC Romaño)", CON/15/2012".**

Rectifícase un erro aritmético no que se incorreu ao consignar o valor do aval: indicáronse 0,7 céntimos de máis no importe.

**15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00022209A.**

**Desestimación da solicitude de INCYE ESTABILIZADORES, ACODALAMIENTOS Y CIMBRAS de reclamación de pago de facturas por execución de obras na Finca do Espiño como subcontratista.**

O Concello desestima a petición porque a Lei de contratos establece expresamente que unicamente o contratista responde ante os subcontratistas, excluindo a posibilidade de que estes poidan reclamarlle directamente á Administración.

**16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00022209A.**

**Desestimación da solicitude de EXCAVACIONES RODRIGUEZ RAÍNDO de reclamación de pago de facturas por execución de obras na Finca do Espiño como subcontratista.**

O Concello desestima a petición porque a Lei de contratos establece expresamente que unicamente o contratista responde ante os subcontratistas, excluindo a posibilidade de que estes poidan reclamarlle directamente á Administración.

**17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00022209A.**

**Desestimación da solicitude de JERUBEX IBÉRICA SL de reclamación de pago de facturas por execución de obras na Finca do Espiño como subcontratista.**

O Concello desestima a petición porque a Lei de contratos establece expresamente que unicamente o contratista responde ante os subcontratistas, excluindo a posibilidade de que estes poidan reclamarlle directamente á Administración.

**18. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00019138X.**

**Autorización da devolución da fianza constituída por JESUS POMBO FERIAS Y EVENTOS S.L, para responder da Ocupación de vía pública no Parque da Alameda de Santiago de Compostela para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo do ano 2022.**

Devólvese o aval prestado para responder do cumprimento do contrato de ocupación do Parque da Alameda e instalación de atraccións e postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo 2022.

**19. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00022209A.**

**Desestimación da solicitude de MÍGUEZ CUTRÍN SL de reclamación de pago de facturas por execución de obras na Finca do Espiño como subcontratista.**

O Concello desestima a petición porque a Lei de contratos establece expresamente que unicamente o contratista responde ante os subcontratistas, excluindo a posibilidade de que estes poidan reclamarlle directamente á Administración.

**20. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00022209A.**

**Desestimación da solicitude de TRANSPORTES PUENTE MANTIBLE SL de reclamación de pago de facturas por execución de obras na Finca do Espiño como subcontratista.**

O Concello desestima a petición porque a Lei de contratos establece expresamente que unicamente o contratista responde ante os subcontratistas, excluindo a posibilidade de que estes poidan reclamarlle directamente á Administración.

**21. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00040524W.**

**Aprobación do expediente de contratación das Obras de "Rehabilitación de firmes de vías urbanas 2023"**

Apróbase o expediente de contratación e ábrese a licitación do contrato mediante procedemento aberto. O contrato ten un orzamento de 358.535,10 € con IVE (296.310,00 € sen IVE) e un prazo de execución de 4 meses. As rúas nas que se actuará son as seguintes: rúa da Presa, rúa do Campo de Santa Isabel, rúa de Vite de Abaixo, avenida do Burgo das Nacións, rúa de Pilar Miró, rúa do Tambre, rúa de San Caetano, rúa das Casas da Hedra e travesa das Casas da Hedra.

**22. CONTRATACIÓN.** Referencia: **2023/00003353T.**

**Validación das actuacións realizadas ata o momento respecto da ampliación en 1,5 meses do prazo de execución do contrato das Obras de rehabilitación de firmes de vías urbanas 2022, emendar os defectos formais existentes e establecer o 28/09/2023 como data final de execución da obra obxecto do contrato asinado con MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.**

Válidanse as actuacións realizadas.

**23. CONTRATACIÓN.** Referencia: **2021/00033210X.**

**Declaración de deserto do procedemento de adxudicación do contrato Execución das obras de mellora no servizo da instalación de climatización e renovación de aire do Centro Sociocultural de Santa Marta a efectos de eficiencia enerxética e confort interior.**

Declárase deserta a licitación pois o único licitador admitido, SOCIVI TÉCNICOS, SLU, retirou a súa oferta ao non ser posible revisar os prezos do proxecto, redactado no ano 2020.

**24. CONTRATACIÓN.** Referencia: **2021/00042279V.**

**Validación das actuacións relativas á execución das obras de “Acondicionamento e mellora dos pavimentos no núcleo de Pardiñas (Laraño),”**

Válidanse as actuacións.

**25. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR.** Referencia: **Validación omisión función interventora F/2023/2390.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura (1) emitida por “Recambios Santiagueses, S.L.” en concepto de subministración de material de recambios para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondentes ao mes de abril de 2023.**

Acórdase validar a omisión da función interventora e apróbase unha factura de RECAMBIOS SANTIAGUESES, SL de 1.434,16 € en concepto de subministración de recambios para o parque móbil municipal.

**26. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR.** Referencia: **Validación omisión función interventora S/2023/260.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (2) emitidas pola empresa Naturgy Iberia, S.A en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre febreiro e abril de 2023.**

Acórdase validar a omisión da función interventora e apróbanse facturas de NATURGY IBERIA, SA por importe de 908,14 € en concepto de subministración de gas e gasóleo.

**27. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR.** Referencia: **Validación omisión función interventora S/2023/270.**

**Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (4) emitidas por varias empresas en concepto de servizos de mantemento do sistema de extintores e alarmas en distintas dependencias municipais correspondentes ao período de xaneiro a xuño do ano 2023.**

Acórdase validar a omisión da función interventora e apróbanse facturas de SISTEMAS DE SEGURIDAD A1, SA por importe de 464,82 € en concepto de mantemento de extintores e alarmas.

**28. PROMOCIÓN ECONÓMICA.** Referencia: **2023/00014531E.**

**Tomar coñecemento da sinatura do “Convenio coa Universidade Santiago de Compostela no marco do programa Compostela Móvese e da Axenda Urbana 2030” de Santiago de Compostela.**

Acórdase tomar conta da sinatura do “Convenio coa Universidade Santiago de Compostela no marco do programa Compostela Móvese e da Axenda Urbana 2030” de Santiago de Compostela, por un importe de 40.000 euros.

**29. PROMOCIÓN ECONÓMICA.** Referencia: **2023/00014527H.**

**Tomar coñecemento sinatura do “Convenio coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela no marco do programa Compostela Móvese 2023” aprobado en Xunta de Goberno de 2 de outubro ano 2023.**

Acórdase tomar conta da sinatura do “Convenio coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela no marco do programa Compostela Móvese 2023” por un importe de 75.000 euros.

**30. PROMOCIÓN ECONÓMICA.** Referencia: **2023/00014536G.**

**Tomar coñecemento da sinatura do “Convenio de colaboración entre a Unión de Cooperativas Espazo Coop e o Concello de Santiago de Compostela no marco do programa Compostela Móvese 2023” de Santiago de Compostela. aprobado na Xunta de Goberno de 02 de outubro de 2023.**

Acórdase tomar conta da sinatura do “Convenio de colaboración entre a Unión de Cooperativas Espazo Coop e o Concello de Santiago de Compostela no marco do programa Compostela Móvese 2023” de Santiago de Compostela, por un importe de 39.000 euros.

**31. PROMOCIÓN ECONÓMICA.** Referencia: **2023/00014530K.**

**Tomar coñecemento da sinatura do “Convenio de colaboración coa Asociación Área Empresarial do Tambre no marco do programa Compostela Móvese e da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela” aprobado en Xunta de Goberno do 09 de outubro de 2023.**

Acórdase tomar conta da sinatura do “Convenio de colaboración coa Asociación Área Empresarial do Tambre no marco do programa Compostela Móvese e da Axenda Urbana 2030 de Santiago de Compostela” por un importe de 50.000 euros.

**32. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ.** Referencia: **2023/00032222A.**

**Validar a omisión da función interventora e autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe de trescentos noventa e cinco mil douscentos noventa euros con oitenta e oito céntimos (395.290,88€.) a prol**

de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap. S.A., UTE pola prestación do servizo de transporte urbano correspondente ao mes de xullo de 2023.

Acórdase validar a omisión da función interventora e apróbase a liquidación da entrega a conta pola prestación do servizo de transporte público urbano a favor de TRALUSA correspondente ao mes de xullo de 2023. O importe da liquidación ascende a 395.290,88 €.

33. **SERVIZOS SOCIAIS.** Referencia: **2023/00027312S.**

**Aprobar a xustificación do convenio de colaboración para os Programas: 1. “Teleasistencia 2. Programa de Atención a persoas sen fogar” asinado o 02 de Agosto de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e Cruz Roja Española para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de oitenta e cinco mil euros (85.000,00 €).**

Acórdase aprobar a xustificación da subvención outorgada á Cruz Vermella para o proxecto “Teleasistencia + Sen fogar” por un importe de 85.000 euros. A entidade xustifica a totalidade do gasto requirido, polo que se aproba o pago da subvención íntegra.

34. **INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN.** Referencia: **2023/00033895C.**

**Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a asociación Médicos del Mundo**

Acórdase tomar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a asociación Médicos del Mundo por un importe de 10.000 euros.

35. **COMERCIO.** Referencia: **2023/00042105L.**

**Aprobación do procedemento de concorrncia para a selección dunha entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería local “Bonos Corazón Compostela 2023” e a aprobación do convenio de colaboración a asinar entre o Concello e a entidade colaboradora seleccionada.**

Acórdase aprobar o procedemento para seleccionar unha entidade financeira que colabore co Concello na distribución dos “Bonos Corazón”. O prazo para concorrer ao procedemento é de 10 días a partir da publicación no BOP da convocatoria. A entidade seleccionada recibirá unha compensación económica de 25.252,10 €.

36. **DEPORTES.** Referencia: **2023/00014517P.**

**Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Educación e Deporte de Santiago para o ano 2023.**

Acórdase aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Educación e Deporte de Santiago para o ano 2023 por un importe de 20.000 euros.

38. **ASESORÍA XURÍDICA.** Referencia: **2023/00044786D.**

Tómase coñecemento da resolución referente ao PO 332/2022 CA2.

Resolución favorable ao Concello pois decreta a desistencia dos recorrentes no procedemento que instaron contra a resolución que declaraba ilegal e ilegalizable unha VUT.

39. **ASESORÍA XURÍDICA.** Referencia: **2022/00019798A.**

Tómase coñecemento da providencia recaída no RCA 5316/2022 do PA 499/2019 CA

Resolución favorable ao Concello pois inadmite o recurso de casación presentado contra a sentenza de primeira instancia que rexeitaba a reclamación do complemento de produtividade presentada polo demandante.

**40. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00044743N.**

Tómase coñecemento da Providencia referente ao Recurso de Casación 4038/2022-PO 128/2019 CA2.

Resolución que inadmite o recurso de casación presentado contra a sentenza de primeira instancia que estimaba o recurso contra o acordo municipal polo que se ampliaba o aforo dunha sala de festas.

**41. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00044554F.**

Tómase coñecemento do Decreto de desistimento recaído no Procedemento Ordinario 336/2022 CA2.

Resolución favorable ao Concello pois decreta a desistencia dos recorrentes no procedemento que instaron contra a resolución que declaraba ilegal e ilegalizable unha VUT.

**42. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00045054R.**

**Tomar coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellarías Delegadas.**

Tómase coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas.

## **URXENCIAS**

**43. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2021/00038106F.**

LICENZA DE OBRAS DE REFORMA para centro de ocio infantil na RÚA CASTELA E LEÓN, 9-11

Concédese licenza de obras de reforma para centro de ocio na RÚA CASTELA E LEÓN, 9-11, con referencia catastral 0303530NH4500C0000HA-0303531NH4500C0000WA, segundo Proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico industrial Francisco Ansedes Domínguez, co visado colexial de data 07/07/2021 e anexos co visado colexial de data 28/04/2022, 27/01/2023 e 01/09/2023, cun orzamento de execución material de 59.567 €.

As obras consistirán en obras de acondicionamento e unión de dúas naves de planta baixa e entrechán, cunha ocupación en planta total de 1.800 m<sup>2</sup>, edificabilidade de 2.700 m<sup>2</sup> e altura de 10 metros, para destinar a CENTRO DE OCIO INFANTIL.

**44. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/443/2019.**

Anular a condición imposta no acordo de Xunta de Goberno Local de 30/9/2019 de concesión de licenza de obras para construción de silo autoportante robotizado no LG Formarís.

Acórdase anular a condición imposta no acordo de Xunta de Goberno Local de 30/9/2019 de concesión de licenza de obras para construción de silo autoportante robotizado no LG Formarís.

Anúlase a condición imposta no acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de setembro de 2019 de concesión de licenza de obras para construción de silo autoportante robotizado no LUGAR DE FORMARÍS, 60, de necesidade de presentación de comunicación previa de inicio de actividade ao supor que licenza de obras concedida non supón unha modificación substancial da licenza de apertura consonte antecedentes e fundamentos expostos.

**45. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/764/2019.**

Anular a condición imposta no acordo da Xunta de Goberno de data 7 de outubro de 2019 de concesión de licenza de obras para a construción de silo para almacenamento de acha no LG Formarís, 60.

Anúlase a condición imposta no acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de outubro de 2019 de concesión de licenza de obras de construción de silo para almacenamento de acha no LUGAR DE FORMARÍS, 60, da necesidade de presentación de comunicación previa de inicio de actividade ao supor que a licenza de obras concedida non supón unha modificación substancial da licenza de apertura consonte antecedentes e fundamentos expostos.

**46. DEPORTES. Referencia: 2023/00014509T.**

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Club Victoria de Santiago de Compostela para o ano 2023.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio co CLUB VICTORIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 12.000 € con cargo á aplicación 090 34100 4890011, aprobada no Pleno da Corporación do Concello de Santiago, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 9 de marzo de 2023.

**47. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2023/00033952P**

**Corrección de erro.**

Rectifícase o erro aritmético existente no acordo da Xunta de Goberno Local que aprobou as gratificacións por servizos extraordinarios fóra da xornada habitual de traballo, realizadas pola Administración Xeral, polo SEIS e pola Policía Local, adoptado na sesión de data 19 de outubro de 2023.